



## ElectroRayma

Os compañeiros de ElectroRayma están mobilizándose na defensa de varios centos de empregos ameazados pola posible quebra da empresa.

O luns fixeron unha asemblea na porta do Arsenal.

Onte e antonte acudiron ós concellos de Ferrol e Narón. Esta mañá estiveron a primeira hora nas portas da factoría.

Para o comité de ElectroRayma e a maioría sindical de Navantia, a solución pasa por esixir un acordo entre Navantia e ElectroRayma respecto da disputa sobre o contrato dos AAOR. ElectroRayma esixe 4,7 millóns e Navantia o rebaixa a algo máis de 230.000 euros.

Exemplos coma os de Alcoa, Vestas ou tantos outros poñen de manifesto o tremendo erro que supón subordinar a defensa dos intereses dos traballadores á defensa das empresas. Que garantías hai de que se ElectroRayma cobra os cartos que lle reclama a Navantia os socios capitalistas de ElectroRayma non os van utilizar para pechar todo e marchar cos petos cheos? Ningunha.

Navantia ten unha responsabilidade social neste conflito, pero NON CUNHA EMPRESA AUXILIAR senón COS TRABALLADORES que sofren a explotación duns empresarios das compañías que son máquinas de amasar cartos. Por iso, e así o explicamos nas reunións nas que participamos, para a **CGT** o punto non é esixir un acordo entre empresas, senón **ELABORAR UN PLAN DE LOITA PARA SALVAR OS TRABALLADORES.**

Un plan cuxo obxectivo debe ser que Navantia se faga responsable con carácter de urxencia dos empregos destruídos en ElectroRayma ou calquera outra compañía ameazada de peche mediante unha **bolsa de emprego** da que Navantia contrate **directamente**. Esa bolsa se nutriría tamén con tódolos profesionais que traballan actualmente na IA, os que estiveron e hoxe non están a consecuencia da precariedade crónica na IA e todos aqueles que se queiran apuntar. Non falamos de cousas máxicas, senón de modelos que existen dende hai tempo na administración pública.

Non somos inxenuos: esta batalla non se vai gañar convencendo ós xestores de Navantia. Tampouco con mobilizacións de delegados ou con visitas ás institucións públicas. Necesitamos confrontar coa patronal da IA, pero tamén cos responsables políticos que permiten a subcontratación salvaxe na empresa pública.



Necesitamos recuperar os únicos métodos de loita que funcionan: paralización da produción (traballos de enxeñaría na F-110 e Carenas), extensión do conflito ó resto das factorías e convocatoria de grandes mobilizacións apoiándonos en tódolos traballadores despedidos ó longo destes anos.

É difícil, pero é a pelexa que debemos dar. Se hai un ano nos din que a loita para defender os 128 postos de traballo en Tubacex pasaba por unha folga de máis de 8 meses, moitos sindicalistas realistas nos dirían que "vivimos nos mundos de yupi" e que o realista é negociar o número de despedimentos.

## Queremos escoitarte!

A empresa tenta convencernos de participar nunha enquisa de... ¿compromiso?

O bombardeo é constante (correos electrónicos, recordatorios no Periscopio,...). Incluso houbo reunións presenciais en talleres para tentar convencer a operarios.

A dirección sempre pode escoitarnos e ter unha visión global da Compañía. Ten mecanismos dabondo, ademais do comité e a cadea de mando. Outra cosa é que teña interese no que opinemos, como podemos comprobar de novo coa pandemia. Por non falar dos reiterados incumprimentos do convenio ou das cacicadas na aplicación do plan de empresa.

"As túas preocupacións son as nosas. Estamos ante unha evolución cultural". Vaia conto.

Máis ben involución cultural porque a empresa pretende substituír as relacións laborais colectivas polas relacións laborais individuais, debilitando aínda máis a organización e a loita sindicais. A imaxe de familia feliz que tentan vender semella o paternalismo nas pequenas empresas, que sempre busca o mesmo: desarmar ós traballadores ideoloxicamente para explotalos mellor.

Mexan por nós, pretenden que creamos que chove e, aínda por riba, dinnos que é polo noso ben. Temos claro onde se poden meter a súa enquisa. O comité de empresa debería opinar sobre isto. Ou é que lle parece ben?

# Prazas de operarios-empregados sénior

Segue sen concretarse o **lugar** dos exames. Ata certo punto, isto é secundario.

Pero o que non é secundario é que Navantia non publicase aínda os **dous horarios** de exames que vai haber e as **profesións** que se examinarán en cada un deles.

Hai persoas que terán que pedir permiso no traballo para acudir ó exame. Hai persoas que virán de fóra da comarca. A pouca información demostra unha total **falta de empatía** da empresa cara á xente que aspira a entrar en Navantia.

Hai que facilitarles as cousas, que xa bastante tiveron ata agora. Navantia debe publicar sen máis demora os horarios e o lugar do exame.

— Fantástica  
estrategia de  
Antonio Miguel  
Carmona al  
infiltrarse como  
Vicepresidente de  
Iberdrola para  
averiguar por qué  
sube la luz...

@Xuxipc

## Demasiado poder en poucas mans

O presidente do comité estará un tempo ausente e hai que nomear un presidente interino. A proposta de CCOO é o secretario xeral da súa sección sindical, Miguel Pol.

A **CGT** debateuno en asemblea e a decisión foi que, no pleno do comité onde se tome a decisión, **o noso voto será NON.**

Por que? Esencialmente porque o secretario xeral de CCOO de Ferrol xa **demostrou** en repetidas ocasións que defende posturas que pouco teñen que ver cos intereses xerais dos traballadores, trata ós compañeir@s con prepotencia (como se viu cando diferentes colectivos acudiron ó comité) e usa a representatividade outorgada polos traballador@s para beneficiar intereses particulares, o que incluso provocou dimisións en CCOO.

Non nos fiamos porque a ecuación é mala: **demasiado poder en poucas (e malas) mans.**

## Plataforma do convenio

A **CGT** iniciou a elaboración da nosa proposta de plataforma reivindicativa de cara á vindeira negociación colectiva.

Estamos abertos a recoller propostas, por suposto dos nosos afiliados e afiliadas, pero tamén de calquera traballador ou traballadora que queira compartir connosco as súas opinións.

Podes comentarllas a un delegado/a da **CGT** ou facérolas chegar por escrito ó noso correo (cgt.fe@navantia.es) ou ó noso whatsapp (623 04 49 00).

## Horas sindicais de setembro

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais dos delegad@s da **CGT**.

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	48,00			48,00
Xaquín	73,50	Día 29. Actividade CGT Ferrol (9:15-10:15)	1,00	74,50
Arturo				
Javi	46,75	Día 20. Concentración Cándido Hermida (9:15-10:30)	1,25	48,00
Benito	23,75			23,75
Carmen	6,75			6,75
TOTAL	198,75		2,25	201,00



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13  
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org  
Séguenos e comparte info nas RRSS:



No grupo de Teams "**CGT en Navantia Ferrol(Difusión)**", tes o **detalle** das actividades de cada delegado, indicando en que se gastan as horas sindicais e o listado completo de pases. Tamén podes acceder usando os códigos QR.